



Día Internacional da Muller

8 de marzo 2022

Arquivo do Reino de Galicia

As mulleres e o mar



Exposición virtual

Introducción

O Arquivo do Reino de Galicia dedica este **Día da Muller 2022** a lembrar a través dos seus **documentos** a relación das **mulleres** co **mar**.

Nas **comunidades mariñeiras** as mulleres tiveron un **papel transcendental**, tanto nos aspectos **sociais** como **laborais**. Asumiron forzosamente e en **solitario** moitas **responsabilidades** ante as frecuentes ausencias dos homes, ao mesmo tempo que desempeñaban unha función **produtora** capital na **economía pesqueira**.

Porén, a importancia do seu **traballo** foi a miúdo **invisibilizada** ou **esquecida**. Sirva esta pequena exposición como contribución ao seu **recoñecemento**.

As pegadas medievais

Desde o século XIII, nos **foros** recibidos por **matrimonios**, que son a maioría, cada cónxuxe se menciona co seu propio nome e ambos **os dous** adquiren indistintamente as **mesmas obrigas** contractuais. Esta situación **cambiará** ao longo da **Idade Moderna**.

O **protagonismo** das mulleres é aínda máis evidente nos **contratos** establecidos con mulleres **soas**, nomeadamente **viúvas**, que son bastante frecuentes.

Sábese que na **Idade Media** as mulleres **salgaban sardiñas** nas **praias** e que en Santiago había **vendedoras** de peixe.





View of the Bay of Vigo between Ponte Sampaio and Ponte Vedra

Vista da baía de Vigo entre Ponte Sampaio e Pontevedra

Colección cartográfica e iconográfica
Data: ca.1809
Signatura: CC465

O mosteiro de Santa María de Sobrado afora a Juan de Santiago, pescador, e á súa muller, Marina López a casa na que viven na Graña de Brión por unha renda anual de seis pescadas grandes

Colección de documentos en pergamino
Data: 1467-07-30. Brión
Signatura: 844



O mosteiro de Santa María de Monfero arrenda a Juan Yáñez e á súa muller María Tomé unha herdade en Corio por cinco anos e unha renda anual en peixe

Colección de documentos en pergamino
Data: 1240-09-08. [s.l.]
Signatura: 504

As mulleres e o mar

Un mar de recursos

O traballo das mulleres na explotación dos recursos do mar

A **pesca** en Galicia era unha actividade **artesanal**, litoral, organizada en torno ao núcleo **familiar**. En xeral, as **mulleres** non ían ao mar, pero eran **indispensables** en moitas **tarefas** relacionadas coa **pesca** e a **economía** familiar.


A chegada dos fomentadores **cataláns** no século XVIII converteu a **pesca** e a **salgadura** en actividades **industriais**.

A Coruña: Desembarcadero do peixe
Colección de postais
Data: ca. 1928
Signatura: 176



As mulleres de España: Pontevedra
Colección cartográfica e iconográfica
Data: [19--?]
Signatura: CC412

Bouza. Vigo
Colección cartográfica e iconográfica
Data: [1883]
Signatura: CC456



As mulleres e o mar

A venda do peixe

As mulleres das zonas costeiras vendían o peixe fresco capturado polos homes da familia. Agardaban na beira a chegada dos barcos e o que non se vendía directamente na praia era conducido por elas ata o interior.

O economista e sociólogo Joaquín Díaz de Rábago escribía en 1885: "allí, pegadas a una pared, tiritando de frío, [...] las he visto infinitas veces aguardar hora tras hora el arribo de las lanchas; y luego cuando éstas atracan, [...] meterse en la mar para tomar la carga al costado de la embarcación hasta que les cubre si es caso el agua la cintura y llega al pecho... "




A Coruña: descarga de peixe no peirao
Colección de fotografías
Data: [190-?]
Signatura: 468p



Na costa galega: Esperando a sardiña
Colección cartográfica e iconográfica
Data: [1894]
Signatura: CC429

Preito entre os mariñeiros da Coruña contra Clara Oanes, viúva e vendedora de peixe, sobre paga de dereito de peixe

Real Audiencia de Galicia
Data: 1582
Signatura: 22794/ 25




As mulleres e o mar

A venda do peixe

Tamén as mulleres se encargaban da **compravenda** de peixe, sobre todo **sardiña** fresca. As **regateiras** ou **regatonas** compraban por xunto pero en pequenas cantidades para vender nas **ciudades**.

A súa **mala imaxe** debía-se a que se consideraba que **encarecían** os prezos e ás frecuentes **rifas** polos **lugares** de venda.

Era unha actividade **penosa**, que en xeral daba **poucos** ingresos, e moi vixiada porque o peixe era moi **percedoiro**.




O oficio da xustiza de Ferrol contra a catalá Francisca, sobre venda de peixe ao agacho e con exceso de prezo

AlcaLdía de Ferrol e a Graña
Data: 1778
Signatura: 4975/26

Querela dada por Benita Francubierto, veciña de Ferrol, muller de Domingo Doriga, ausente, contra Antonia e Nicolasa Peril, regateiras de marisco, por inurias

AlcaLdía de Ferrol e a Graña
Data: 1789
Signatura: 5024/51



Ferrol: Vendedoras de sardiñas, recollendo a pesca no porto
Colección cartográfica e iconográfica
Data: [19--?]
Signatura: CC67

As mulleres e o mar

O marisqueo

A ostra era o único molusco de **aprecio** xeral. **Cultivábase** xa na **Idade Media** nas ostreiras en torno a Noia, a ría de Arousa, A Coruña e a Pasaxe. Consumíanse **frescas**, en centros urbanos e mosteiros próximos á costa, antes do auxe das ostras en **escabeche** a partir do século XVI.

O resto dos **moluscos** e **crustáceos** considerábanse comida “**de pobres**”. A recolección de **mariscos**, a pé nos areais ou en diminutas embarcacións a remo, foi unha tarefa feminina. Así é na **actualidade**, cun 90% de **mariscadoras**. A súa **profesión** foi recoñecida en 1993.

Outra actividade de **recolección** con escasa incidencia económica e que ocupaba a algunhas mulleres durante uns meses ao ano era a recollida de **argazo** e **cunchas** para **fertilizar** o agro. As cunchas **fermosas** levábanse a **vender** a Santiago.




A Coruña: recollendo algas en Riazor
Colección de fotografías
Data: ca. 191-?
Signatura: 107



Pontevedra:
Pescadoras de ameixas
Colección de postais
Data: [191-?]
Signatura: 1597

Dilixencias instruídas sobre a desaparición no mar de Vicenta Rodríguez mentres recollía percebes no Pozo de Mourilla, parroquia de San Vicente de Meirás

Xulgado de primeira instancia e instrución de Ferrol
Data: 1848.
Signatura: 5273/32




As mulleres e o mar

A salgadura

En Galicia desenvóléronse os mesmos procedementos de conservación do peixe que na costa atlántica europea: secado, afumado, salgadura e escabechado. A sardiña era a especie máis tratada, seguida da pescada e o congro; en menor medida, o polbo e o abadexo. Das cabezas e magas obtíñase saín, un aceite usado para iluminación e outras aplicacións.

A salgadura introduciuse na nosa terra coa chegada dos romanos. Os mosteiros cistercienses no século XII promoveron os métodos de salga e secado, pola súa necesidade de peixe para a vixilia. O escochado era a técnica tradicional galega para a sardiña, consistente en lavar, descabezar, eviscerar e salgar. Era un traballo estacional, de xuño a decembro, do que se ocuparon as mulleres durante as Idades Media e Moderna.







Expediente de redención dun censo pertencente ao igrexario de Santa María de Fisterra, sobre a fábrica de salgadura a favor de Benito Tejedor como marido de Magdalena de Paz

Delegación especial de Economía e Facenda da Coruña
Data: 1855-1856
Signatura: 239/77

Proxecto de fábrica de salgadura nos arrecifes xunto o canal de San Miguel na Coruña

Xefatura Provincial de Estradas da Coruña
Data: 1902
Signatura: 64165/954



As mulleres e o mar


A salgadura

Os fomentadores **cataláns** do século **XVIII** crearon **fábricas de salga** nas que substituíron o escochado polo **prensado** e introduciron o **traballo a xornal**. Contratában ás **mulleres** dos pescadores, que **transportaban** a sardiña dos barcos á fábrica para logo **clasificala, eviscerala, envaretala** (ensartala en variñas), e **estivala** (colocala xa salgada en círculos nos barrís).

O desenvolvemento da **industria conserveira** a partir de 1880 marcou o **declive** das **salgaduras**. En 1940 **rexurdiron** algunhas, familiares e artesanais, para **decaer** definitivamente en 1960.




Vigo: mulleres con cestas de pescado no porto
Colección de fotografías
Data: ca. 1925-1935
Signatura: 5472




Demanda laboral de varias empregadas da fábrica de salga, Pesquera del Norte, sobre reclamación do pago de horas extraordinarias.

Tribunal Industrial da Coruña
Data: 1929
Signatura: 2515/16



Proxecto de fábrica de conservas e salgadura de peixe nas marismas da ría de San Antonio na proba do Caramiñal. Plantas do edificio
Fernando Cebrían Pazos
Data: 1947
Signatura: 108782/283



As mulleres e o mar

O escabeche


A introdución do **escabeche** en Galicia foi **tardía** e só tivo aplicación **comercial** no caso das **ostras**, consideradas unha **exquisitez** gastronómica. Procedentes das **rías** da Coruña, Vigo e Arousa, consumíanse nas cidades galegas e **exportábanse** a **Castela** e á **Casa Real** nos séculos XVI a XVIII.

Logo, as **fábricas** de salga dos **fomentadores cataláns** tamén farán escabeches de **peixes** (congro, bonito, robaliza, rodaballo, sardiña,...) e **moluscos** (ostra, vieira, mexillón), destinados ao **mercado interior** castelán.



LAS «ESKABECHEIRAS» EN LA RIA DE VIGO.
DIBUJO DEL MARQUEZ, POR EL SEÑOR ANTONIO.

"Josefa de La go, edad sesenta y dos años, viuda, es **cavechera**..."




Libro persoal de leigos da vila de Rianxo do Catastro do Marqués da Ensenada

Real Intendencia de Galicia
Data: 1753
Signatura: 46174/2394

As escabecheiras da ría de Vigo
Colección cartográfica e iconográfica
Data: [18--?]
Signatura: CC433

Demanda de Anselmo Cea García á viúva de José Molina, veciña do concello de Blanca, provincia de Murcia, sobre pago dunha partida de escabeche que pola súa conta e risco envioulle por ferrocarril.

Xulgado Municipal da Coruña nº 1
Data: 1930
Signatura: 57813/49



As mulleres e o mar

As redes de pesca

A confección e reparación de **redes** das artes de pesca **tradicionais** era unha tarefa **familiar** da que se encargaban as mulleres. Esta actividade **compaxinábase** coa venda do peixe en fresco e a salgadura.

Coa **industrialización**, converteuse nun traballo remunerado e **complementario** das operarias das fábricas de salga. A pesar de seren **maioría**, as redeiras estaban **supervisadas** por traballadores masculinos, os **atadores**.

Causa do Xulgado de Carballo contra Antonio Varela Rodríguez polo furto da rede de pesca da embarcación que ten xunto con Ermitas Pose Calvo e Dolores Rodríguez Chouciño

Audiencia Provincial da Coruña
Data: 1948
Signatura: 14718/29

1056 TERRITORIAL DE LA CORUÑA

REPARTO: N.º 3070 1948

LA CORUÑA el honor de participar a V.ª que en el día de hoy he dado comienzo a la incoación del sumario anotado al margen en virtud de diligencias recibidas del Juzgado de Paz de Carballo.

PARTE DE INCOACIÓN

Sumario n.º 188 de 1948

SOBRE

Hurto de una red de pesca, cometido por los señores José Abeledo Campos y Antonio Varela Rodríguez, que se incoó una embargación con objeto de asegurar el pago de su deuda de pesca; el Antonio Varela Rodríguez, que se incoó la red de pesca de aquélla, y el José Abeledo Campos, que se incoó la misma a las señoras Ermitas Pose y Dolores Rodríguez Chouciño.

Dios guarde a V.ª muchos años.

Carballo 20 de Diciembre de 1948.

Ilmo. Sr. Presidente de la Audiencia Provincial La Coruña

N.º 10 R. 2468336 2544-3

AÑO DE 1931

ADO. DE 1.ª INSTANCIA Audiencia Territorial de Pontevedra

CIVIL

Sumario verbal por el Sr. Abeledo Campos de José Pinedro Robles de pago de jornal

ABOGADOS

ESCRIBANÍA DE D. Ramón Pardo

El día trece de marzo próximo pasado entré a trabajar en la pesca de mar en la embarcación de pesca denominada "terrafra", propiedad del referido D. Antonio Vilar, y por orden del Sr. Pinedro Robles, por el que, al efecto, fui contratado.

Desde el día doce de marzo próximo pasado entré a trabajar en la pesca de mar en la embarcación de pesca denominada "terrafra", propiedad del referido D. Antonio Vilar, y por orden del Sr. Pinedro Robles, por el que, al efecto, fui contratado.

Per las causas de trabajo que me he visto obligado a pagar por día de trabajo que así se me abonó a las mujeres que trabajan en estas pesas en este pueblo y en Boles, Ares y Coruña y así se practica constante y costumbre por todos reconocida y aceptada.

Que al día doce del corriente fui despedido por el demandante por el demandado a consecuencia de haber votado igual en las últimas elecciones municipales, la candidatura contraria a la que apoyaba el demandado sin que hubiese mas causa al motivo justificado para el arbitrio despedido de referencia y sin abonarme jornal alguno al demandante por los veintinueve días de trabajo.

Per consecuencia de tan ilegal despedido hecho, por el demandado e administrador del Puerto Antonio Vilar se irrigen al señor daños y perjuicios que se de equidad y justicia reparar.

En atención a lo expuesto,

SUPLICA al Juzgado, que teniendo por presentada esta demanda con la copia adjunta se sirva sustanciarla por los trámites establecidos en el Código del Trabajo y en defini-



A Coruña: O Parrote.
Redes e barcas na praia
Colección de fotografías
Data: 1905
Signatura: 1510

Demanda laboral de José Abeledo Campos contra Antonio Vilar, na que reclama que o xornal pola reparación das redes sexa igual ao das mulleres redeiras

Tribunal Industrial de Pontevedra
Data: 1931
Signatura: 2544/3

As mulleres e o mar

A industria conserveira


Os **precursores galegos** constátanse na década de 1840, pero o despegue das **conserveiras** dáse a partir de 1880, coa produción case exclusiva de **sardiñas en lata**. Converteuse na **principal industria** de Galicia, un sector moderno e **mecanizado** que co tempo foi **diversificando** a súa produción (bonito, mexillón, berberechos, etc.).

Como nas salgadasuras, a principal **forza de traballo** era **feminina**. Tratábase dun traballo pouco cualificado, que pola súa **estacionalidade** se complementaba con outras actividades. As **condicións** na fábrica eran moi **duras**: longas xornadas, salario a obra feita, accidentes laborais,...

Existiu **conflitividade laboral** e **asociacionismo sindical** por parte destas traballadoras, sobre todo na ría de **Vigo**, principal centro conserveiro de Galicia. Na **Coruña** destacou **El Porvenir Femenino**, de orientación **anarcosindicalista**.




Ribeira: vista parcial do porto coa conserveira Cerqueira
Colección de fotografías
Data: 1960
Signatura: 5342



Demanda das empacadoras de peixe da fábrica de conservas de Manuel Piñeiro Anido na Coruña por despedido sen causa xusta.

Maxistratura de Trabajo da Coruña
Data: 1918
Signatura: 2565/56-116

El porvenir femenino, sociedade de obreiras das fábricas de conservas, escabeches e os seus similares, asociación sindical da Coruña
Goberno Civil da Coruña
Data: 1918
Signatura: 32175/11



As mulleres e o mar

Un mar de perigos

A dureza da costa

Dende o **século V**, coa **desaparición** do poder de **Roma** en Occidente, as **costas** tornáronse **inseguras**, con **saqueos** de viquingos e sarracenos, e quedaron case **despoboadas**. Os habitantes da Coruña **fuxiron** ao Burgo de Faro, o actual O Burgo.


Nos séculos **XII** e **XIII** a reactivación do **comercio marítimo** favoreceu a **repopoación**, xurdindo ou rexurdindo **vilas** (Noia, Ribadeo, Baiona) e cidades (A Coruña e Pontevedra) vinculadas ao mundo **pesqueiro**.

Porén, estas poboacións seguiron **ameazadas** polas continuas **guerras** libradas no **mar** entre países europeos ao longo da **Idade Moderna**.

Alén diso, unha **costa difícil**, de augas profundas, con **ventos** e **correntes** dominantes de compoñente oeste, provocaron unha infinidade de **naufraxios** e accidentes.




A Coruña: Torre de Hércules co mar embravecido
Colección de fotografías
Data: 1920
Signatura: 3007



ATTAQUE DES GALEONS D'ESPAGNE ET D'UNE ESCADRE FRANÇAISE À VIGO.
par la Flotte Combinée d'Angleterre et de Hollande en 1702.

Ataque aos galeóns de España e a unha escuadra francesa en Vigo pola frota combinada de Inglaterra e de Holanda en 1702
Colección cartográfica e iconográfica
Data: [17--?]
Signatura: 485



Representación da Xunta Superior de Galicia solicitando pensións para as viúvas e orfos dos soldados mortos no naufraxio da fragata La Magdalena e o bergantín O Palomo na costa cantábrica
Xunta Superior de Subsidios, Armamento e Defensa de Galicia
Data: 1810
Signatura: 39971/51


As mulleres e o mar

As mulleres soas

Nas **comunidades costeiras** deuse un elevado **desequilibrio** entre os sexos, con moitas **viúvas** e **solteiras**, e casadas con **maridos ausentes**. O sistema de herdanza na práctica **favoreceu** ás **fillas** e, en xeral, **reformulouse** a posición de **subordinación** das mulleres.

Só unha **minoría** de viúvas obtiñan abundantes **ingresos** coa explotación de barcos de **pesca** e o **transporte** marítimo. Por baixo deste grupo, había modestas **comerciantes** de peixe e titulares de **barcos**.

Para a pesca da **sardiña**, a arte tradicional do cerco formaba **compañías** entre moitas persoas e as participacións, en traballo ou en anacos de aparello, chamábanse **quiñóns**. As retribucións eran **equitativas**, controladas polos **gremios**, e as **viúvas** recibían o seu quiñón, ata que pasado un tempo tiñan que contratar un **pescador** para ocupar o lugar do marido falecido.



Victoria Alonso, viúva de Fernando Pena, veciña de Sada, con Antonia González Gundín, veciña de Ferrol, sobre axuste de contas e pago de reais da disolución da compañía do almacén e traíña do porto de Cariño
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Ferrol
Data: 1851-1852
Signatura: 5299/8



A compañía de ferrocarrís apela a sentenza a favor de Dolores García, viúva, na que reclamou o valor de 3 expedicións de peixe fresco ao prezo de venda de Noiteboa.
Audiencia Territorial da Coruña
Data: 1921
Signatura: 47186/9

Vendedora de peixe
Colección cartográfica e iconográfica
Data: [19--?]
Signatura: CC431




As mulleres e o mar

As mulleres soas


Tamén as **compañías** do **cercos** admitían ás viúvas, irmás solteiras, nais e mulleres de mariñeiros en **servizo** na **Real Armada**. En 1748 instaurouse a **Matrícula do Mar**, un sistema de **inscripción** que buscaba fornecer as tripulacións para a Armada, a cambio de certas **compensacións**: **exclusividade** na pesca, **xurisdición** da Mariña e **pensións** de viuvez.

Moitas mulleres, xa viúvas, acudiron á **xustiza** para reclamar **salarios** debidos aos homes **falecidos** lonxe. As casadas con **ausentes** efectuaron compras, vendas, contratos, reclamaron herdanzas, dotes sen pagar... En suma, **asumiron** a plena representación de **si mesmas** e das súas **familias** a pesar das restricións legais.



"Doña Feliciano Blanca, que goza del **fuero de la matrícula**: viuda..."

Libro persoal de leigos de Laxe do Catastro do Marqués da Ensenada
Real Intendencia de Galicia
Data: 1753
Signatura: 46029/2-1425



Demanda laboral de Purificación Otero Acedo pola morte en accidente de traballo do seu home, José Rico García, na explosión do motor da lancha de pesca Lola.
Tribunal Industrial de Ferrol
Data: 1753
Signatura: 2538/6



Á baixamar
Colección cartográfica e iconográfica
Data: [19--?]
Signatura: CC430

As mulleres e o mar

A defensa das costas

O modelo de **participación feminina** nos **conflictos armados** caracterízase pola actuación en masa, o desenvolvemento de labores complementarias e a presenza de mulleres **carismáticas** que actúan como catalizadoras da acción popular, que **infunden valor** aos homes e que **toman as armas** en situacións límite.

No **cercos** á Cidade Vella da **Coruña** levado a cabo polo corsario **inglés Drake** e o xeneral Morris en 1589, todas as fontes resaltan a decisiva acción das **mulleres** na **defensa** e a súa actitude combativa.


No momento máis crítico do ataque, as mulleres contribuíron a **reparar** a fenda na **muralla medieval**, na zona da Porta de Aires, proporcionaron **pedras** aos homes, prepararon as **armas** e, cando a entrada do **inimigo** parecía inminente, lanzáronse á **loita**.



A Coruña: muralla medieval e ruínas da igrexa de San Francisco
Colección de fotografías
Data: 1920
Signatura: 3232

A confraría de San Andrés e os mariñeiros do Hospital de San Andrés da Coruña informan sobre os servizos feitos por eles e as súas familias a súa maxestade en 1589 durante o cerco da Coruña polo inglés Drake

Real Audiencia de Galicia
Data: 1589
Signatura: 17297/57



[3 recto]


"... ellas acudían a donde avía más **peligro** con mucho ánimo, **peleando** con **cantos** y **piedras** que tiraban y algunas con **picas** y **murriones** y otras **armas** que tomaban, **mostrando** mucho ánimo y **valor** de suerte que **ayudaron** grandemente a la **defensa** de la dicha **ciudad**..."

As mulleres e o mar

A defensa das costas

Tratouse dunha acción colectiva, pero na memoria quedou fixado o **protagonismo** de Mayor Fernández de la Cámara y Pita, **María Pita**, que, logo de ver morrer ao seu home, **derrubou** ao **abandeirado inglés**. A Coroa recompensouna polo seu acto.

Non é o único exemplo. En 1617, **Cangas** sufriu un violento **ataque** de naves **berberiscas**. As **mulleres** tamén **defenderon** a vila e varias morreron. Despois, algunhas delas foron **acusadas** de **bruxería** perante o tribunal da Inquisición. Foi o caso de **María Soliño**, a **María Soliña** dos cantares.



Cangas: vista parcial
Colección de postais
Data: ca. 1925
Signatura: 1617

María Pita. Heroína da famosa defensa da Coruña o 4 de maio de 1589

Colección cartográfica e iconográfica
Data: 1882
Signatura: CC54



Real Audiencia de Galicia
Data: 1615
Signatura: 45775/29

As mulleres e o mar

Bibliografía

Ferreira Priegue, E. (1988). *Galicia en el comercio marítimo medieval*. Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Pallares Méndez, C. (2011). *Historia das mulleres en Galicia. Idade Media*. Nigratrea.

Rey Castelao, O. e Rial García, S. (2010). *Historia das mulleres en Galicia. Idade Moderna*. Nigratrea.

Rial García, S. M. (2005). *Las mujeres de las comunidades marítimas de Galicia durante la época moderna: una biografía colectiva*. Ayuntamiento de Alcalá de Henares.

Romero Masiá, A. e Alfeirán Rodríguez, X. (2000). Salgadeiras e conserveiras de pescado en Galicia. *Evolución histórica e o traballo das mulleres*. FAYT-U.G.T. Galicia.

Saavedra Vázquez, M. C. (1989). *María Pita y la defensa de La Coruña en 1589*. Ayuntamiento de La Coruña.

Saavedra Vázquez, M. C. (2003). *María Pita. Una aproximación a su vida y a su tiempo*. Vía Láctea Editorial.

Sánchez García, J. A. (2013). La leyenda de la Costa de la Muerte. Naufragios y faros como desencadenantes para la activación de un patrimonio marítimo. *Sémata. Ciencias Sociais e Humanidades*, 25, 257-290.

<https://revistas.usc.gal/index.php/semata/article/view/1153>

Vázquez Lijó, J.M. (2006). La Matrícula del Mar y sus repercusiones en la Galicia del siglo XVIII. *Obradoiro de Historia Moderna*, (15), 289-322.

<https://doi.org/10.15304/ohm.15.919>

Arquivo do Reino de Galicia

Elaboración

Noelia Castro García Pilar Encinar Romero Dulce Villares Cuba

Texto

Pilar Encinar Romero

Deseño gráfico

Noelia Castro García

Colaboracións

Olga Castañeda Rodríguez Gloria García López Susana Quiroga

Barro Rosario Torreiro Martínez

Dixitalización

Elisa Valcarce García

Coordinación

Gabriel Quiroga Barro

Dirección

Carmen Prieto Ramos

